



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 05/08/2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público... correspondente ao 2º semestre de 2026.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 03/10/2026. Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 5 de agosto de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2247

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data 14 de agosto de 2026, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrencia correspondente ao mes de xullo de 2026, por un importe de 8.907,46 euros 613,25 euros respectivamente. Os padróns quedarán expostos ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, envíananse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Contra as liquidacións comprendidas no padrón poderase formular recurso de reposición, anterior ao contencioso administrativo, perante a Alcaldía no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón.

Así mesmo, acordase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: dende o 30 de agosto de 2026 ao 30 de outubro de 2026, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 14 de agosto de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2248

COSPEITO

Anuncio

BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES DURANTE 4 MESES, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, CON CARGO AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2026 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

LEXISLACIÓN APLICABLE

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a selección de 3 peóns de servizos múltiples, en réxime de funcionario interino, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo de 4 meses (artigo 10.1.d TRLEBEP) e creación dunha bolsa de emprego, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, dentro do programa - Programa de Reforzo do Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social.

A presente convocatoria e bases será publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Deputación de Lugo e na web e sede electrónica do Concello de Cospeito.

Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica municipal.

2.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Os postos estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

3.- FUNCIONS

- Os postos están vinculados a área de traballos de Servizos múltiples do concello de Cospeito, e adscritos ó funcionamento e mantemento de tódalas instalacións de propiedade municipal e en especial vías públicas, parques e xardíns, redes de auga e alcantarillado, mobiliario urbano, de que é titular o Concello, así como as tarefas de limpeza, xestión de biomasa, mantemento de faixas secundarias e xestión xeral de servizos múltiples para garantir a seguridade de bens e persoas.

- Calquer outro cometido que seña encargado pola Alcaldía de natureza semellante as funcións anteriormente relacionadas que puideran xurdir no servizo polo que deberá estar preparado para calquera urxencia e localizable por medio de teléfono móbil para responder a calquera incidencia que se produza no mesmo.

A xornada laboral poderá coincidir en domingo e festivo.

A Corporación reservase a facultade de establecer no horario as modificacións que se consideren oportunas para o mellor desempeño do servizo, según as necesidades que xurdan, respetando as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descansos.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

2. Ser desempregado/a ou estar en situación de mellora de emprego (requisito específico esixido polo programa de reforzo do emprego da Deputación de Lugo que financia as contratacións). Esta situación deberá acreditarse mediante Certificación expedida polo Servizo Público de Emprego na que acredite que é demandante de emprego ou que esta en situación de mellora de emprego. Dita situación deberá manterse ata o momento da sinatura do contrato laboral ou nomeamento interino

3. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.

4. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

5. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

6. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

7. Estar en posesión da titulación de certificado de estudos primarios.

8. Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 2, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

9. Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data na que se proceda á contratación.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria Boletín Oficial da Provincia.

A presentación de instancias por parte dos aspirantes supón a aceptación íntegra destas Bases e do seu contido.

As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura no Anexo I das presentes Bases e ir acompañadas de copia da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

Os/as aspirantes con discapacidades deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

- Fotocopia acreditativa da titulación académica esixida na convocatoria, neste caso, estudos primarios.
- Documentación acreditativa de atoparse na situación de desemprego ou de mellora de emprego
- Fotocopia do título de Celga 2 ou titulación equivalente.
- Fotocopia do carnet de conducir tipo B.

6.- ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello, outorgando un prazo de 2 días hábiles para correccións ou emenda de defectos. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoo ou desestimándoo con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

8.- PROCESO SELECTIVO

A selección efectuarase mediante o sistema de oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

Puntuación máxima:

Na fase de oposición valoraranse ata un máximo de 80 puntos.

Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados na páxina web do Concello de Cospeito e no taboleiro de anuncios.

Criterios de valoración na fase de oposición:

A fase de oposición consistirá na realización dun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que de seguido se describen:

- Primeiro exercicio. Práctico

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo: unha ou varias probas prácticas de albañilería, fontanería, manexo dos vehículos municipais, xardinería, electricidade e/ou calquera outra relacionada cas funcións do posto, durante o tempo que se determine polo

Tribunal. Nesta proba valorarase especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante e o tempo de realización da proba.

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 80 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 40 para superala.

Ao ter carácter eliminatorio, a non superación desta proba suporá a eliminación do concursante no proceso selectivo.

Publicación dos resultados do exercicio da fase oposición:

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición publicaranse na páxina web do Concello de Cospeito

Cualificación final:

A cualificación final virá determinada pola cualificación obtida na proba práctica.

En caso de empate entre as persoas aspirantes tomarase como criterio de desempate un sorteo por parte do Tribunal dos aspirantes que acadaron o empate.

9.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa dalgún/ha profesional destas características (operario de servizos varios) para cubrir o posto no caso de que este quede vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- a) Baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade)
- b) Baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- c) Vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- d) Vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).
- e) Necesidade por motivos de acumulación de tarefas.

No caso de que algunha das circunstancias expostas anteriormente efectivamente suceda, entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.
- b) Embarazo de risco.
- c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.
- d) Atoparse desempeñando outro posto de traballo.
- e) Coidado dun familiar que se encontre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por sí mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Ditas circunstancias deberán acreditarse nun prazo de 3 días naturais.

A orde dos aspirantes na bolsa será determinado pola cualificación final obtida no proceso selectivo en orde descendente, non entrando a formar parte da bolsa os que non superasen a proba.

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 10 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

A duración desta bolsa será a da duración do nomeamento do concursante seleccionado.

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Os/as aspirantes propostos/as presentará no rexistro do Concello, no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación requirida, se o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasar a revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

11.- IMPUGNACIÓN

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo.

ANEXO I

PROCEDEMENTO SELECTIVO. ☐ PEÓN			
DATOS DO SOLICITANTE:			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
NACIONALIDADE:		DATA DE NACEMENTO:	
NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			
Notifíquese a:	☐ Persoa solicitante		☐ Persoa representante
☐ Medios Electrónicos:	Correo Electrónico:		
☐ Outros Medios:	Nome da Vía:		
	Número, Bloque, Andar, Porta:		
	Parroquia / Lugar:		
	Localidade / Provincia:		
	Código Postal / País:		
Teléfono/s de contacto:			
TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:			
TITULACIÓN:		DATA DA TITULACIÓN:	
ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:			
☐ Si		☐ Non	
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:			
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			
2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.			
INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS			
Responsable	Concello de Cospeito.		
Finalidade do tratamento	Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del.		
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd).		
Comunicación de Datos	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no Taboleiro de anuncios do Concello		
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan dirixin do a súa solicitude a O Concello de Cospeito a través da sede electrónica do Concello de Cospeito ou nas Oficinas Xerais		
Información adicional	Pode consultar máis información https://concellodecospeito.sedelectronica.es/privacy.1		
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:			
LUGAR E DATA:			

ANEXO II

D./dona _____, con D.N.I. n.º _____
con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Cospeito, a _____ de _____ de 2026

Asdo.: _____.

R. 2249

FRIOL*Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria do 13 de agosto de 2026, a solicitude de LAR DO REGUEIRO acordou a desafectación como ben de uso público da parcela con referencia catastral 2102A12301710000Y propiedade do concello de Friol da superficie segundo catastro de 3.309 m², unha vez descontado da mesma o tramo necesario para a realización da actuación proxectada de construción dos vestiarios do campo de fútbol segundo o anteproxecto obrante no expediente, así como o retranqueo a que fai referencia o informe do arquitecto.

De conformidade co disposto na normativa de aplicación o acordo adoptado, en canto aprobación provisional da desafectación, así como o expediente do que trae razón, sométese o trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno. Unha vez aprobado definitivamente o expediente de desafección, de conformidade co previsto na normativa de aplicación, procederase á súa posterior enaxenación por permuta.

O que se somete ao trámite de información pública, xunto co expediente do que trae razón, polo prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Tamén estará na sede electrónica <http://friol.sedelectronica.es>. No devandito prazo os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de non presentarse, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, catorce de agosto de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2243

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de agosto de 2026, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 8/2026, (terceiro de competencia do Pleno), para suplementos de crédito, financiados por transferencias de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, por un importe total de TRINTA E UN MIL SEISCENTOS SESENTA E SEIS EUROS, CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (31.666,87 €).

Cumprindo co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Modifícase o anexo de inversións.

Friol, 14 de agosto de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2250

Anuncio

Á vista do escrito presentado pola Asociación Galega de fútbol Gaélico, solicitando a achega de 600€ para sufragar parte dos gastos de transporte dos rapaces que participaron no European Féile de fútbol gaélico, pola Alcaldía ditouse providencia en orde a realización da tramitación pertinente para o pagamento da colaboración económica ao respecto. Habendo crédito para elo, segundo o disposto nas bases de execución do orzamento, o Pleno do Concello na sesión extraordinaria do trece de agosto do actual acordou prestar aprobación á modificación do anexo de subvencións nominativas, aprobando a concesión da axuda, sometendo o acordo ao trámite de exposición pública polo prazo de quince días desde a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, 17 de agosto de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2251

LUGO

Anuncio

DECRETO

A Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Instruído expediente relativo a: proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Oficial Lector/a en quenda de acceso libre, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en relación exclusivamente coa praza correspondentes á oferta de emprego público do ano 2021.

Visto a proposta do Director Xeral de recursos humanos, de data 27 de xullo de 2026, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

I. Acordo número 10/759 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado na sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2021.

II. Acordo número 4/936 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2023.

III. Decreto número 2488/2024 do día 19 de marzo de 2024 ditado polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde delegado da Área de xestión integral de recursos internos do Concello de Lugo mediante o cal se convocou o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de oficial lector/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (1 praza incluída na OEP 2021 e 1 praza incluída na OEP 2023), publicado no BOP de Lugo número 86 de 13 de abril de 2024.

IV. Decreto número 9985/2024 do 25 de outubro de 2024 polo que se resolve aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo correspondente ao acceso en propiedade a 2 prazas de oficial lector/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (1 praza incluída na OEP 2021 e 1 praza incluída na OEP 2023), convocado polo Decreto Nº: 2488/2024.

V. Decreto número 9519/2025 de 13 de outubro de 2025 polo que se resolve a aprobación lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo correspondente ao acceso en propiedade a 2 prazas de oficial lector/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (1 praza incluída na OEP 2021 e 1 praza incluída na OEP 2023), convocado polo Decreto Nº: 2488/2024.

VI. Acordo número 1/502 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. A cuestión relativa a si o prazo de tres anos sinalado no inciso final do artigo 70.1 TRLEBEP debe entenderse cumprido cando dentro dos tres anos dende a aprobación da oferta de emprego público (en diante OEP) se desenvolva integramente todo o proceso selectivo que comporta a OEP ou, polo contrario, tal obriga se debe entender cumprida coa publicación da convocatoria do proceso selectivo ou outro acto que supoña o desenvolvemento parcial da mesma foi resolto definitivamente mediante a sentenza número 930/2025 de 9 de xullo, da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo que estima un recurso de casación e que entendemos, ven a poñer fin a este debate, establecendo que “(...) a efectos del artículo 93.1 de la LJCA, declaramos - como regla general- que el plazo de tres años del artículo 70.1 del EBEP, se cumple cuando el proceso selectivo convocado para ejecutar la OEP se desarrolle íntegramente dentro de ese plazo.”

Como consecuencia desta xurisprudencia, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptou o Acordo número 1/502 en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do TRLEBEP.

SEGUNDA. O proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de oficial lector/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, publicado no BOP de Lugo número 86 de 13 de abril de 2024, resulta inevitablemente afectado polas anteriores resolucións xudiciais e administrativas, xa que estaba a executar unha praza correspondente á OEP 2021.

Dado que a oferta de emprego público do ano 2021 no foi executada no prazo de tres anos, a declaración de caducidade acordada pola Xunta de Goberno Local exténdese a todos aqueles actos administrativos que traen causa nesa oferta de emprego polo que procede deixar sen efecto o proceso selectivo en relación exclusivamente coa praza correspondentes a esta oferta de emprego.

TERCEIRA. Porén, a praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2023 non está afectada pola declaración de caducidade acordada polo órgano municipal competente polo que resulta necesario e procedente

conservar todos os actos administrativos ditados no procedemento iniciado e continuar o mesmo en relación á praza correspondente a esta última oferta de emprego.

Por todo o exposto e en base ás atribucións conferidas á Alcaldía no artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónselle á Excm. Sra. Alcaldesa a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de oficial lector/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en relación exclusivamente coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2021.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 2488/2024 do día 19 de marzo de 2024 e continuar co mesmo en relación coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2023.

TERCEIRO. Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

En base ás atribucións que confire o art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e visto o disposto no decreto núm. 4003/2026, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de oficial lector/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en relación exclusivamente coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2021.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 2488/2024 do día 19 de marzo de 2024 e continuar co mesmo en relación coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2023.

TERCEIRO. Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 11 de agosto de 2026.- A Excm. Sra. alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.

R. 2252

Anuncio

DECRETO

Ilmo. Sr. D. Javier Vázquez Prado, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cultura.

Instruído o expediente relativo a: Bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026-2027

Vista a proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, de data 12 de agosto de 2026, onde se recollen as Bases que rexerán o proceso de matriculación na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo, para o curso 2026/27, transcritas na parte dispositiva, segundo a proposta realizada pola Xunta Directiva da Escola Municipal de Música:

"INFORME DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA"

Vista a proposta da Xunta Directiva da Escola Municipal de Música, aprobada polo cláustro, de data 14 de xullo de 2026, relativa ás bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026-2027, que se recollen de seguido, compre elevalas á aprobación do órgano correspondente.

Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.07.2023 e Decreto núm. 4003/2026 de 12.05.2026 na súas actuais redaccións, **PROPONSE** para a súa aprobación polo tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026-2027 que seguidamente se transcriben:

"Bases que rexerán o proceso de matriculación na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026-2027"

Dende a Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo propóñense as seguintes bases de matrícula para o curso 2026-2027.

1. Obxecto da convocatoria:

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de admisión do alumnado na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo en convocatoria ordinaria para o curso 2026-2027, estando adaptadas á situación actual e ás medidas adoitadas polas administracións competentes; non obstante, revisarase a normativa vixente e adaptaranse, se é preciso, ás novas realidades que poideran xurdir.

2. Materias ofertadas:

A Escola ofertará anualmente un número de prazas por materia e especialidade instrumental adaptado ás circunstancias organizativas e doutra índole que concorran no inicio do curso escolar, así como á carga lectiva que poida establecerse.

As materias e especialidades instrumentais configúranse nos seguintes bloques:

2.1 BLOQUE A (clases de media hora individual) e BLOQUE B (clases individuais de unha hora):

- Bombardino/Tuba.
- Clarinete.
- Fagote.
- Gaita.
- Percusión.
- Piano.
- Saxofón.
- Trombón.
- Trompa.
- Trompeta.

2.2 BLOQUE C:

- Música e Movemento:
 - Música e Movemento 1.
 - Música e Movemento 2.
- Formación Básica:
 - Formación Básica 1.
 - Formación Básica 2.
- Linguaxe Musical:
 - Linguaxe Musical 1.
 - Linguaxe Musical 2.
 - Linguaxe Musical 3.

- Linguaxe Musical 4.
- Linguaxe Musical 5.
- Linguaxe Musical 6.
- Formación de Adultos:
 - Formación de Adultos 1.
 - Formación de Adultos 2.
 - Formación de Adultos 3.
 - Formación de Adultos 4.
 - Formación de Adultos 5.
 - Formación de Adultos 6.
- Improvisación.
- Informática Musical.

2.3 BLOQUE D:

- Banda de Música.
- Big Band.
- Combo de Formación de Adultos.
- Grupo de Clarinetes.
- Grupos de Saxofóns:
 - Grupo de nivel medio.
 - Grupo de nivel avanzado.
- Grupos de Técnica Básica de Metais Graves.
- Grupo Tradicional.
- Grupo de Pandeiretas.

Poderanse ofertar novas agrupacións abríndose unha nova convocatoria de matrícula específica para estas materias. Así mesmo, o número de participantes en cada materia será determinado polo docente que imparta dita materia.

3. Requisitos das persoas interesadas:

Para a súa admisión na selección correspondente, as persoas interesadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Bloque A e B:
 - Nados no ano 2018 e anteriores
 - No bloque B sempre que haxa dispoñibilidade horaria do profesorado e de recursos.
- Bloque C:
 - Música e Movemento 1, nados no ano 2022.
 - Música e Movemento 2, nados no ano 2021.
 - Formación Básica 1, nados no ano 2020.
 - Formación Básica 2, nados no ano 2019.
 - Linguaxe Musical 1, nados no ano 2018 ao 2011.
 - Linguaxe Musical 2, 3, 4, 5 e 6 nados no 2017 ao 2011.
 - Formación de Adultos, nados no 2010 e anteriores.
 - Improvisación, nados no ano 2012 e anteriores, con coñecementos mínimos do instrumento.
 - Informática Musical, nados no ano 2016 e anteriores.
- Bloque D:
 - Requirirase estar en posesión duns coñecementos mínimos tanto a nivel instrumental como de linguaxe musical, que serán apreciados polo profesor da materia.

4. Criterios de adxudicación de prazas:

Establécense por orde os seguintes criterios de adxudicación de prazas:

FORMACIÓN INSTRUMENTAL (BLOQUES A e B)

1. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado na anterior convocatoria a esta nova convocatoria no mesmo instrumento que se solicita e que xa cursara anteriormente.
2. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado na anterior convocatoria a esta nova convocatoria en Linguaxe Musical, Formación Básica 2 ou Formación de Adultos e que solicita instrumento por primeira vez.
3. Alumnado que accede por primeira vez a Escola e reúna as condicións para acceder a formación instrumental.
4. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado na anterior convocatoria a esta nova convocatoria e que desexe cambiar de instrumento.

FORMACIÓN TEÓRICA (BLOQUE C)

1. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado na anterior convocatoria a esta nova convocatoria na materia precedente da que se queira matricular:

ASINATURA PRECEDENTE	ASINATURA A MATRICULAR
Música e Movemento 1	Música e Movemento 2
Música e movemento 2	Formación Básica 1
Formación Básica 1	Formación Básica 2
Formación Básica 2	Linguaxe Musical 1
Linguaxe Musical 1	Linguaxe Musical 2
Linguaxe Musical 2	Linguaxe Musical 3
Linguaxe Musical 4	Linguaxe Musical 5
Linguaxe Musical 5	Linguaxe Musical 6
Formación de Adultos 1	Formación de Adultos 2
Formación de Adultos 2	Formación de Adultos 3
Formación de Adultos 3	Formación de Adultos 4
Formación de Adultos 4	Formación de Adultos 5
Formación de Adultos 5	Formación de Adultos 6
Informática Musical	Informática Musical
Improvisación	Improvisación

2. Alumnado que se matricule por primeira vez na Escola.

Non terá ningún efecto a orde de matriculación na obtención de praza nin na elección horaria, sendo o sorteo por letra a única fórmula válida. Dito sorteo será público e terá lugar na Escola o día **23 de Setembro ás 11:00 h.**

Procederase a aplicar o resultado do sorteo por letra en cada un dos criterios sinalados anteriormente.

Todo o alumnado admitido en calquera materia deberá presentarse para a elección horaria na data e hora na que sexan convocados, publicándose dita data no taboleiro da Escola. No caso de non presentarse para elixir horario, chamarase ao alumnado para ofertar os horarios que quedasen dispoñibles.

Establecerase unha listaxe de agarda por materias, mantendo a orde do sorteo por letra, tendo en conta cada un dos criterios sinalados anteriormente para aquel alumnado que non escollera horario, ou ben que non obtivera praza. No suposto de que quedaran prazas vacantes ao longo do curso académico, chamarase ao alumnado para ofertar os horarios que quedasen dispoñibles.

As solicitudes realizadas no prazo establecido xunto coa asignación de horarios conforme ao indicado nos parágrafos precedentes constitúen a matrícula efectiva do alumnado. As solicitudes de baixas deberán realizarse no seu caso conforme á Ordenanza Fiscal reguladora.

Non se poderá estar matriculado en máis dun instrumento á vez, a non ser que haxa dispoñibilidade de prazas e de xeito excepcional, con informe motivado do Director da Escola, non tendo prioridade para o seguinte curso nos dous instrumentos; o alumno deberá establecer o instrumento prioritario de primeira opción.

Ante a baixa de longa duración do persoal docente, cando non medie substitución, o alumnado do mesmo poderá tramitar a baixa de matrícula no centro con reserva de praza. Unha vez o persoal docente non substituído se reincorpore da súa baixa, o alumnado poderá matricularse de novo no mesmo curso e materia. Nestes casos, que poidan implicar que non se realizara o feito imponible e polo tanto tampouco se devindicara o prezo público por causas alleas ao alumnado, a dirección da escola emitirá o correspondente informe aos efectos dos descontos que puideran proceder nos recibos trimestrais.

5. Forma e prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no Rexistro Auxiliar da Escola Municipal de Música ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seguinte prazo:

A partir do día seguinte a publicación no BOP de Lugo e ata o día **15 de Setembro de 2026**.

As persoas interesadas deberán presentar:

- a) Solicitude en modelo específico debidamente cumprimentado (Anexo 1). No caso de alumnado menor de idade, a solicitude deberá ir asinada pola nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal.
- b) Fotocopia do DNI da persoa interesada maior de idade, ou da nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal no caso de menores de idade.
- c) Documento acreditativo da titularidade da conta onde se desexe domiciliar o pagamento dos recibos pola utilización do servizo municipal da Escola Municipal de Música onde apareza o titular e número de conta.
- d) Unha fotografía tamaño carné.

6. Resolución:

Valoradas as solicitudes recibidas segundo os criterios establecidos no apartado 4, procederase á publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido, alumnado excluído e listas de agarda, establecéndose un prazo de 5 días hábiles no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións, de ser o caso, procederase á publicación definitiva de listas, determinándose nas mesmas o día e hora no que se convoca ao alumnado admitido para a elección do horario de docencia de cada instrumento ou especialidade formalizando neste acto a matrícula na Escola.

A prioridade para a elección de horarios do alumnado, determinarase pola mesma orde na que figura nas listas de admisión trala aplicación dos criterios establecidos para a adxudicación de prazas. (Previo sorteo por letra).

Conforme ao disposto na base anterior, a elección de horarios de clases realizarase de maneira presencial, por orde de letra segundo o resultado do sorteo. Fixarase un horario no cal se fará cada chamamento, e tanto o horario para o chamamento como a oferta dos horarios das clases serán expostos previamente na paxina web do Concello de Lugo e no Taboleiro da Escola Municipal de Musica de Lugo.

No caso de producirse renuncias de prazas ou baixas, as vacantes ocuparanse coas persoas solicitantes que figuran na lista de agarda de cada instrumento ou especialidade musical elixidos por rigorosa orde.

Poderase presentar solicitude de matrícula fóra do prazo establecido a partir do 1 de Outubro. A súa admisión dependerá da existencia de prazas vacantes e de un informe favorable do profesorado da materia. En todo caso podería quedar en lista de agarda.

A renuncia expresa na praza ofertada pola Escola Municipal de Música implica a baixa do alumnado na Escola, sempre e cando non estea formalizada matrícula noutro instrumento ou especialidade con asistencia ás clases da mesma. A baixa dunha materia na escola non xerará efectos de reserva de praza para a matrícula na Escola no curso seguinte.

De acordo coa Ordenanza Fiscal núm. 405, reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música, o alumnado que desista da asistencia ás clases terá que presentar a correspondente solicitude de baixa no modelo oficial, no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no Rexistro Auxiliar da Escola Municipal de Música ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7. Pagamento de taxas.

O alumnado deberá aboar as taxas establecidas na Ordenanza fiscal municipal número 405 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música, coa aplicación das bonificación e exencións establecidas a tal efecto.

8. Bonificacións

O alumnado que sexa o terceiro ou posterior membro da unidade familiar que se matricula verá reducido o prezo nun 50 %. Esta bonificación realizarase tomando como referencia a taxa máis alta.

Estará exento do pagamento o alumnado que se matricule en estudos dun bloque que poida ser obxecto dunha campaña de promoción por parte da escola. A decisión da elección do bloque será tomada polo claustro de profesorado.

No curso 2026-2027 o claustro tomou a decisión que será promocionada a matrícula no bloque D.

O alumnado que pertenza a familias numerosas ou con ingresos anuais netos inferiores a 3.610 euros por membro da unidade familiar terá dereito a unha redución do 25% na cota establecida para a prestación de servizos ou realización de actividades na Escola Municipal de Música.

9. Aplicación das bases.

Todas as persoas solicitantes de praza na Escola Municipal de Música quedarán suxeitas ás bases desta convocatoria.

Calquera criterio discrepante na interpretación destas bases resolverase a criterio dos órganos directivos da Escola, así como toda casuística non recollida nas mesmas.

A docencia na Escola Municipal de Música será realizada por persoal municipal adscrito á Banda de Música e/ou á Escola de Música do Concello de Lugo.

O calendario escolar da Escola Municipal de Música rexeráse polo que anualmente establece a Xunta de Galicia para a Consellería de Educación. "

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar."

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/07/2023 e Decreto núm. 4003/2026 de 12.05.2026 na súas actuais redaccións.

RESOLVO: Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026-2027

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026-2027 que seguidamente se transcriben:

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ás persoas interesadas e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 12 de agosto de 2026.- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Ilmo. Sr. D. Javier Vázquez Prado.

R. 2253

*Anuncio***DECRETO**

Ilma. Sr. D. Javier Vázquez Prado, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cultura.

Instruído o expediente relativo a: Bases e convocatoria do proceso de matrícula na Casa das Linguas do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026-2027

Vista a proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, de data 12 de agosto de 2026, onde se recollen as Bases que rexerán o proceso de matriculación na Casa das Linguas do Excmo. Concello de Lugo, para o curso 2026/27, transcritas na parte dispositiva:

"INFORME DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Vista a proposta remitida polas Casas das Linguas respecto da oferta de clases e para o curso 2026-2027.

Realizadas as adaptacións correspondentes para axustar e coordinar a oferta e o proceso de matrícula.

Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/07/2023 e Decreto núm. 4003/2026 de 12/05/2026 na súas actuais redaccións, **PROPONSE** para a súa aprobación polo tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula nas Casas das Linguas do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026-2027 que seguidamente se transcriben:

<<Bases que rexerán o proceso de matrícula nas Casas das Linguas María Balteira e Estrada da Granxa do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026/27.

1.- Obxecto da convocatoria.

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de admisión de alumnado nas Casas das Linguas de Estrada da Granxa e María Balteira para o curso 2026/27.

2.- Persoas destinatarias.

Persoas empadroadas no Concello de Lugo.

No caso dos nenos e nenas, deberán de solicitar a matrícula no idioma do curso escolar correspondente.

As persoas non empadroadas terán a opción de matricularse no caso da existencia de prazas vacantes.

3.- Modalidade do servizo e período de prestación deste.

As actividades de idiomas en ambas Casas das Linguas, iniciaranse o **1 de outubro de 2026 e rematarán o 18 de xuño de 2027.**

As clases de adultos terán unha duración de 75 minutos e as infantís de 50 minutos.

Ofértanse 20 prazas para cada clase no caso de adultos e 15 prazas para as actividades infantís. Nas actividades de familias e bebés adaptarase o número de prazas segundo as solicitudes e as capacidades de prestación da actividade.

4.- Procedemento para a solicitude e concesión do servizo.

O procedemento para a concesión do servizo iniciárase coa solicitude das persoas interesadas, conforme ao modelo aprobado, durante o **período de inscrición que se iniciará ao día seguinte da publicación das bases no BOP ata o 24 de setembro** de 2026.

As solicitudes para Casa das Linguas Estrada da Granxa poderanse efectuar presencialmente ou no correo: casa.linguas@lugo.gal

As solicitudes para Casa das Linguas María Balteira poderanse efectuar presencialmente ou no correo: casa.linguas.balteira@lugo.gal

Poderanse solicitar varios idiomas pero só se poderá presentar unha solicitude por idioma. No caso de solicitudes duplicadas do mesmo idioma nos dous centros, serán anuladas e non entrarán no sorteo.

No caso necesario, realizarase o **sorteo das prazas entre os días 25 e 26 de setembro**, sendo publicado o listado de persoas admitidas e as listaxes de agarda, no taboleiro de anuncios en cada unha das Casas das Linguas, no blog (<https://casadaslinguasconcellodelugogal.blogspot.com/>) e páxina web das mesmas (<https://casadaslinguaslugo.gal/>).

No caso de quedar prazas vacantes, e iniciadas as clases, se aínda quedaran prazas poderán cubrirse por orde de solicitude ata completar a cabida.

Así mesmo, no caso de existir demanda de clases ou actividades que non estean contempladas no programa ofertado, á vista das solicitudes ou suxestións presentadas, poderase realizar unha oferta extraordinaria de matrícula para ditas materias.

5.- Formalización da matrícula: Documentación e pago de taxas.

As persoas admitidas terán que achegar a documentación necesaria para realizar a formalización da matrícula entre o 29 e o 30 de setembro.

Documentación a achegar:

- Fotocopia do DNI,
- Folla de inscrición cuberta,
- Unha fotografía tamaño carné,
- Xustificante do pago de taxas (Modelo 503)

Conforme ao disposto na Ordenanza nº 403 que regula os Prezos Públicos pola prestación de servizos nas instalacións culturais, están exentos de pagamento os menores de 14 anos. Por dito motivo e para que afecte do mesmo xeito a todo ao alumnado dun mesmo curso, os nados antes do ano 2012 (que cumprirían os 14 anos no 2026), deberán abonar 30,90€ por idioma en concepto de matrícula para o curso anual. Para isto deberán de cubrir o impreso 503 para as taxas de pago. Este impreso pódese recoller nos centros das Casas Das Linguas xa impreso ou ben descargalo da páxina Web do Concello, no caso de descarga do documento, deberánse imprimir 3 copias do mesmo arquivo (coa mesma numeración):

- Exemplar para o solicitante.
- Exemplar para o banco.
- Exemplar para entregar no centro da Casa Das Linguas

No caso de menores de idade, achegarase o DNI do pai/nai ou titor legal que realice a solicitude, folla de inscrición cuberta, unha fotografía tamaño carné e a autorización da toma de imaxes.

No caso de non formalizar a matrícula no prazo indicado para a mesma perderase o dereito á praza.

Non se considerará matriculada a persoa que non teña presentado o xustificante de pago.

No suposto de que algunha das persoas admitidas incumpran as obrigas de asistencia sen a xustificación oportuna (máis de 4 faltas sen xustificación), causará baixa na actividade solicitada, sendo cuberta a praza, se existe listaxe de reservas, segundo a orde establecida na mesma.

6.- Idiomas a impartir .

Impartiranse actividades nos seguintes idiomas:

Inglés. Niveis adultos: A1, A2, B1, B2-C1

Niveis infantil: Bebés, Infantil, Primaria.

Francés. Niveis adultos: A1-A2, A2- B1

Niveis infantil: Bebés, Infantil, Primaria.

Alemán. Niveis adultos: Iniciación, Básico, Intermedio

Niveis infantil: Primaria.

Galego. Niveis adultos: Iniciación, CELGA

Niveis infantil:,Primaria

En función das necesidades do servizo, ou da demanda existente, as clases poderán ser anuladas ou substituídas por outras.

ESTRADA DA GRANXA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Francés Inglés Alemán Galego	10:00-11:15 Inglés Elementary I (nivel A1 Adultos) 11:30-12:45 Inglés Elementary II (nivel A2 Adultos)		10:00-11:15 Inglés Intermediate English 11:30-12:45 Inglés Advanced English (nivel B2-C1) Adultos.	10:00-11:15 Inglés Elementary II (nivel A1.2) Adultos Francés Intermedio (B1) 11:30-12:45 Inglés Advanced English (nivel B2-C1) Adultos. 12:00-12:50 Francés Iniciación 2 (A2 adulto)	10.00-11.15 Francés Bebés e familia (0-3 años) 11.30-12.45 Francés Avanzado (B2 adulto) Inglés C1
	16:30-17:20 Inglés Magic English I & Musical English (1º, 2º, 3º Prim) 16:30-17:20 Alemán Nena/os (Iniciación desde 0) 17:30-18:20 Inglés Magic English II & Musical English (4º, 5º, 6º Prim) 17:30-18:20 Alemán nenos (iniciación II-conocimientos previos) 18:30-20:00 Alemán Basico (conocimientos previos) Inglés Advanced English (nivel B2- C1) Adultos.	16.30-17.20 Francés Infantil (4º5º6º infantil) 17.30-18.20 Francés Primaria 1 (1º2º3º primaria) 18.30-19.20 Francés Primaria 2 (4º5º6º primaria)	16:30-17:20 Inglés Magic Kinder (De 3º, 4º 5º Educación infantil) 16:30-17:45 Galego iniciación 17:30-18:20 Inglés Magic English I & Musical English (1º, 2º, 3º Prim) 17:45-19:00 Celga IV 18:30-19:20 Inglés Magic English II & Musical English (4º, 5º, 6º Prim) 19:30- 20:20 Inglés Magic Highschool	16.30-17.45 Francés Básico (A2-B1- adulto) 16:30-17:45 Inglés Intermediate B1 18.00-19.15 Francés Iniciación (A1 adulto) 19.30-20.20 Francés ESO (1º 2º 3º 4º ESO)	16:30-17:20 Galego Infantil I e Primaria 17:30-18:20 Galego Eso e Bac

MARIA BALTEIRA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Alemán Inglés Francés Galego		10:00-11:15 Inglés Elementary II (nivel A1) Adultos 11:30-12:45 Inglés Intermediate English (nivel B1) Adultos			10:00-10:50 Inglés Bebés e familia (0-3 años) 11:00 -11:50 Inglés Intercambio cultural/Inglés 12:00 -12:50 Inglés Bebés e familia (0-3 años)
	16.30-17.20 Francés Infantil (4º 5º 6º infantil) 17.30-18.20 Francés Primaria 1 (1º 2º 3º primaria) 18.30-19.20 Francés Primaria 2 (4º 5º 6º primaria) 19.30-20.20 Francés ESO (1º 2º 3º 4º ESO) 16:30-17:45 Galego iniciación 17:45-19:00 Celga IV	16:30-17:50 Inglés Elementary I (nivel A1) Adultos 18:00-19:15 Inglés Basic English (nivel A2) Adultos 19:30- 20:30 Inglés Magic Highschool	16.30-17.20 Francés Bebés e familia (0-3 años) 16:30-17:45 Alemán adultos (Iniciación desde 0) 17.30-18.45 Francés Iniciación (A1-A2 adulto) 18:00-18:50 Alemán Nenos/as (iniciación desde 0) 19:00-20:15 Alemán Adultos (Intermedio) Francés Básico (A2-B1 - adulto)	16:30-17:20 Inglés Magic Kinder (De 3 a 5 anos) Galego Eso e bac 17:30-18:20 Inglés Magic English I & Musical English (1º, 2º ,3º Prim) Galego Infantil e Primaria 18:30-19:20 Inglés Magic English II & Musical English (4º, 5º, 6º Prim) 19:30- 20:20 Quizz night/ Board Game night	16:30-17:20 Inglés Magic English I & Musical English (1º, 2º, 3º Prim

>>

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, coa indicación da interposición dos recursos correspondentes, así como dar traslado da mesma ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

É canto procede informar."

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/07/2023 e Decreto núm. 4003/2026 de 12.05.2026 na súas actuais redaccións.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula nas Casas das Linguas do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2026-2027.

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ás persoas interesadas e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía/Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 12 de agosto de 2026.- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Ilmo. Sr. D. Javier Vázquez Prado.

R. 2254

MURAS

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase que pola Alcaldía do Concello de Muras en data 16.08.2026 adoptou Decreto que di, entre outros:

PRIMEIRO.- Delegar en dona Paula Gómez Souto, primeira tenente de alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa organización, execución e todo o relacionado co desenvolvemento da Feira do Poldro do ano 2026 no lugar da Gañidora.

SEGUNDO.- A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos

administrativos que afecten a terceiros

Muras, 16 de agosto de 2026.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2244

A PONTENOVA

Anuncio

Logo de instruír expediente de cesión do ben patrimonial que se detalla a continuación:

ESCOLA DE VILAMEÁ (EDIFICIO ANEXO) con referencia catastral 000103200PH49H0001YE.-
--

Convócase, de conformidade co o artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación co o artigo 110.1.f. do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo prazo de vinte días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio en este Boletín Oficial da Provincia, trámite de información pública, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente, e de que quen puidesen terse por interesados no mesmo, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

A Pontenova, 14 de agosto de 2026.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2255

SOBER*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 13 de agosto de 2026, aprobouse o Padrón fiscal pola Asistencia a Escola de Música do Concello de Sober, correspondente ao curso 2025-2026.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 13 de agosto de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2245

XERMADE*Anuncio***Establecemento prezos públicos XXI Festa das Persoas Maiores**

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por Resolución da Alcaldía 2026-0323 aprobouse o establecemento dos prezos públicos pola asistencia á XXI Festa das Persoas Maiores, co seguinte detalle:

- 15€ para persoas empadroadas no Concello
- 30€ para persoas non empadroadas no Concello

Xermade, 13 de agosto de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2246